Viernes
12 de febrero de 1993

La Voz de Galicia - p. 65.

■ DIETARIO ■

Normalización, normativización

ALFREDO CONDE

CALQUERA normativa ortográfica é o resultado dun acordo, dun convenio establecido dende as instancias pertinentes que, no mundo no que nos pretendemos manter, adoitan se–las institucións universitarias e académicas. Estes convenios, como calisquera outros, adoitan ser, son, restrictivos. Calquera criterio o é, o caso é chegar a el polas vías máis idóneas e significativas: o promedio democraticamente obtido cando os criterios son sociolóxicos e o xusto término igualmente promediado dun xeito científico cando as circunstancias así o demanden. E moito me temo que, en cuestión de normativas ortográficas, non vallan de moito pretendidas democracias.

En situacións coma a nosa o problema fundamental é o da recuperación da lingua e pra min teño que a normativa ortográfica vixente non o impide en absoluto, por moi millorable que sexa e moi desexable que se faga a tal millora. Pero é necesaria unha normativa e afirma–lo contrario é un delito de lesa patria. E esa normativa, non só por lei, senón por común sentido debe ser dictada dende as institucións académicas e universitarias pertinentes. E nós témolas. Chámanse ***Real Academia Galega*** *e* ***Instituto da Lingua Galega****.*

A normativa así dictada non impedirá endexamais a normalización lingüística do noso país. Nunca. O que si poderá impedila é a inútil e interesada liorta que se mantén dende ámbitos nos que semella que a intención fose distinta da pretendida. Tanto é así que o único territorio realmente normalizado no noso país é precisamente o da literatura, cando menos é o único que produce realmente a sensación de normalidade, dunha normalidade que depende directisimamente desa normativa ortográfica aplicada, seguro que aínda con ben menos rigor do debido, nos últimos dez anos malia a contestación deses grupúsculos, tan minoritarios coma activos que, en tantas ocasións, aducen coma maior argumento da súa actitude a falla de subvencións a textos escritos nunha normativa ortográfica distinta da oficial en ***Galicia*** *e que certamente deberan ser concedidas unha vez solicitadas nalgún lugar idóneo, na embaixada portuguesa, por exemplo.*

Onde a anormalidade se produce non é pois no ámbito estrictamente literario, senón e máis ben no político, aí é onde se celebra a liorta e non noutros sitios, aí é onde están os heroes. As víctimas están nas cátedras dende onde se manipula ós alumnos e se lles aprenden idiomas extranxeiros.

■ *DIETARIO* ■

Normalización, normativización

ALFREDO CONDE

CALQUERA normativa ortográfica é o resultado dun acordo, dun convenio establecido dende as instancias pertinentes que, no mundo no que nos pretendemos manter, adoitan se–las institucións universitarias e académicas. Estes convenios, como calisquera outros, adoitan ser, son, restrictivos. Calquera criterio o é, o caso é chegar a el polas vías máis idóneas e significativas: o promedio democraticamente obtido cando os criterios son sociolóxicos e o xusto término igualmente promediado dun xeito científico cando as circunstancias así o demanden. E moito me temo que, en cuestión de normativas ortográficas, non vallan de moito pretendidas democracias.

En situacións coma a nosa o problema fundamental é o da recuperación da lingua e pra min teño que a normativa ortográfica vixente non o impide en absoluto, por moi millorable que sexa e moi desexable que se faga a tal millora. Pero é necesaria unha normativa e afirma–lo contrario é un delito de lesa patria. E esa normativa, non só por lei, senón por común sentido debe ser dictada dende as institucións académicas e universitarias pertinentes. E nós témolas. Chámanse ***Real Academia Galega*** *e* ***Instituto da Lingua Galega****.*

A normativa así dictada non impedirá endexamais a normalización lingüística do noso país. Nunca. O que si poderá impedila é a inútil e interesada liorta que se mantén dende ámbitos nos que semella que a intención fose distinta da pretendida. Tanto é así que o único territorio realmente normalizado no noso país é precisamente o da literatura, cando menos é o único que produce realmente a sensación de normalidade, dunha normalidade que depende directisimamente desa normativa ortográfica aplicada, seguro que aínda con ben menos rigor do debido, nos últimos dez anos malia a contestación deses grupúsculos, tan minoritarios coma activos que, en tantas ocasións, aducen coma maior argumento da súa actitude a falla de subvencións a textos escritos nunha normativa ortográfica distinta da oficial en ***Galicia*** *e que certamente deberan ser concedidas unha vez solicitadas nalgún lugar idóneo, na embaixada portuguesa, por exemplo.*

Onde a anormalidade se produce non é pois no ámbito estrictamente literario, senón e máis ben no político, aí é onde se celebra a liorta e non noutros sitios, aí é onde están os heroes. As víctimas están nas cátedras dende onde se manipula ós alumnos e se lles aprenden idiomas extranxeiros.